Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua
CIF: G-15542897
Apdo. 771 Santiago de Compostela
contacto@ctnl.info
www.ctnl.info

Nel Vidal Barral, como presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897; con apartado de correos 771 de Santiago de Compostela; con enderezo electrónico contacto@ctnl.info e con teléfono 616 155 304,

EXPOÑO

Que logo da publicación no DOG do 17 de xaneiro de 2007 da Resolución do 29 de decembro de 2006, pola que se convocan as listas de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola SXPL e da publicación no DOG do 20 de marzo de 2007 da Resolución do 8 de marzo pola que se modifica a resolución do 29 de decembro, a CTNL ten que expresar as seguintes consideracións:

1. A convocatoria de listaxes de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola SXPL é un avance, pois é a primeira vez que se fan públicos os requisitos que deben posuír as persoas aspirantes, os criterios de baremación e o réxime de chamamento, o que debe supor unha mellora na calidade da formación e na claridade e transparencia na selección do profesorado.

2. Aínda supondo a convocatoria un avance, esta debe ser unha situación transitoria, pois cómpre un corpo de docentes profesionalizado e estábel para a formación en lingua de persoas adultas seleccionado atendendo aos criterios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Este corpo de docentes quizais podería estar integrado nunha posíbel sección de formación do futuro Consorcio de Planificación Lingüística.

3. O requisito 1 do artigo 3.º da convocatoria debe ser o mínimo esixíbel para todos os profesores e para todas as profesoras dos cursos de lingua galega para persoas adultas. Ser licenciado/a en Filoloxía Galega ou en Filoloxía Hispánica, sección galego-portugués, é o único que pode acreditar academicamente o dominio necesario da lingua galega como para poder ser docente destes cursos.

4. Na modificación feita pola Resolución do 8 de marzo sinálase que todas as persoas que xa impartisen cursos de galego como profesores/as colaboradores/as da SXPL poden solicitar a súa inscrición nas listaxes sen cumprir ningún tipo de requisito máis que ser demandante de emprego. Deste xeito, déixase de garantir a acreditación académica do dominio necesario da

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua
CIF: G-15542897
Apdo. 771 Santiago de Compostela
contacto@ctnl.info
www.ctnl.info

lingua galega, algo que, desde o noso punto de vista, pode influír moi negativamente na calidade dos propios cursos. Non dicimos con isto que esas persoas non teñan o dominio necesario da lingua galega, senón que non se lles esixe a súa acreditación, nin práctica nin académica, o que non é lóxico para ser docente de cursos de lingua galega para persoas adultas.

5. O requisito 2 do artigo 3.º da convocatoria tamén debe ser esixíbel. Ter feitos e avaliados positivamente os cursos de formación para profesorado de lingua galega que realiza a SXPL é o único que pode acreditar uns mínimos coñecementos didácticos para a aprendizaxe da lingua, xa que non hai na convocatoria ningún outro requisito sobre os coñecementos e capacidades didácticas. Coa modificación feita pola Resolución do 8 de marzo déixase de garantir esta acreditación para as persoas que xa impartisen cursos de galego como profesores/as colaboradores/as da SXPL, algo que, desde o noso punto de vista, pode influír negativamente na calidade dos propios cursos.

6. Partindo do suposto de que o requisito 3 do artigo 3.º da convocatoria está pensado para favorecer ás persoas desempregadas, consideramos que debería ser esixíbel, á parte deste requisito previo para inscribirse na listaxe de "ser demandante de emprego", unha acreditación de estar desempregado/a no momento de impartir un curso, xa que ser demandante de emprego no momento de solicitar a inscrición na listaxe non implica estar en situación de desemprego nin nese momento nin no de impartir o curso. Isto sempre tendo en conta que consideramos que esta convocatoria debe supor unha situación transitoria de cara a un corpo de docentes profesionalizado e estábel.

POLO QUE, SOLICITO

- Que se teñan en conta por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística estas achegas feitas pola CTNL e que se fagan as modificacións oportunas na Resolución do 29 de decembro de 2006, pola que se convocan as listas de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola SXPL.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2007